



## Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Sistemas de Xestión da Calidade e Ambiental		Código	610500111	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Departamento profesorado másterQuímica				
Coordinación	Andrade Garda, Jose Manuel		Correo electrónico	jose.manuel.andrade@udc.es	
Profesorado	Andrade Garda, Jose Manuel Del Castillo Busto, Estela		Correo electrónico	jose.manuel.andrade@udc.es estela.delcastillo@udc.es	
Web					
Descrición xeral	A materia pretende proporcionar unha visión xeral acerca dun aspecto fundamental nas necesidades e requisitos que plantexan os empregadores no ámbito empresarial para contratar Titulados Superiores. Preséntanse conceptos básicos acerca dos sistemas de Xestión da Calidade e da Xestión Medio Ambiental que son de interese potencial para estudantes de diferentes titulacións. Estudaranse normativas internacionais que delimitan as actuacións mínimas a ter en conta ámbolos dous campos.				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
O obxectivo da materia é presentar ao estudantado os conceptos básicos da xestión da calidade e da xestión ambiental. Ambos dende un punto de vista eminentemente industrial. Preténdese que o estudantado entenda, asimile e sexa capaz de manexar estas ideas básicas para visualizar os elementos mínimos que debe abranguer un sistema de xestión da calidade e/ou un sistema de xestión ambiental nunha empresa.	AM23	
	AM29	
	AM30	
	AM31	
	AM32	
	AM42	
	AM43	
	AM44	

## Contidos

Temas	Subtemas
Tema 1: Introducción	A Calidade e o medio ambiente como bases das estratexias empresariais.
Tema 2: Evolución histórica do concepto de calidade	Dende a calidade implícita ate a calidade total
Tema 3: Modelos de xestión da calidade	Modelos ISO 9000, ISO 17025, EFQM, Responsabilidade social corporativa. Os puntos débiles dos sistemas da calidade.
Tema 4: Modelos de xestión ambiental	O Pacto Verde Europeo. As economías verde e azul. Modelos de xestión ambiental: EMAS e ISO 14001
Tema 5: Xeralizando a Calidade	Integración de sistemas: medioambiente e seguridade e protección (Oshas 18000)

## Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A30 A31 A32 A43	1	21	22
Sesión maxistral	A29 A30 A32	19	11.5	30.5
Estudo de casos	A23 A42 A44	1	21	22
Atención personalizada		0.5	0	0.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Cada estudante entregará, por escrito, polo menos: (i) un traballo consistente na análise dun aspecto das guías internacionais de calidade (alternativamente tamén se pode facer un estudo dun caso de éxito dunha empresa); (ii) un traballo analizando algún aspecto da ISO 17025; (iii) un traballo analizando a regulamentación EMAS; (iv) outros traballos que aborden casos prácticos, resumos de conferencia, reflexións persoais acerca dun tema, etc.
Sesión maxistral	Descrición e estudo dos fundamentos dos Sistemas de Xestión da Calidade. Problemas habituais e vantaxes da súa aplicación.
Estudo de casos	Tendo en conta a dispoñibilidade dos profesionais alleos á Universidade aos caes se ten solicitado a súa colaboración, poderán abordarse casos reais de implantación de sistemas de calidade na industria ou organismos públicos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Traballos tutelados Sesión maxistral	Nas sesións maxistras poderanse discutir dúbidas que presente o estudantado. Esta é a opción preferida para as dinámicas de traballo. Non obstante, establecece a opción de consulta de dúbidas ou discusión da bibliografía fora do horario docente habitual (nas horas de titorías).  Os traballos tutelados terán un período previo de reflexión co profesor/a para o seu enfoque e centrado.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A23 A42 A44	Asistencia e redacción dos resumos escritos de cada un dos casos de estudo. Calidade na redacción, extracción de ideas chave, extensión dos temas tratados	30
Traballos tutelados	A30 A31 A32 A43	Boa redacción, explicacións relevantes e capacidade de síntese. Cantidade de referencias a seccións da norma oficial.	60
Sesión maxistral	A29 A30 A32	Asistencia ás clases maxistras e aos casos prácticos; asemade, actitude participativa. Aporte de ideas e implicación nas discusións.	10
Outros			

Observacións avaliación
Tódolos aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?adicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC. A asistencia ás clases e Conferencias, xunto cunha actitude participativa e proactiva é sen distraccións alleas á docencia, é condición sine qua non para superar a materia. Na calidade dos traballos valoraranse principalmente (mais non só): a redacción, a organización, a coherencia e amplitude das explicacións, a non copia verbatim, o bo uso das referencias bibliográficas e a presentación.



## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- BADIA, A. (2002). Calidad, modelo ISO9001. Deusto</li><li>- COMPAÑO BELTRAN, R. y RÍOS CASTRO, A. (2002). Garantía de la calidad en los laboratorios analíticos. Síntesis</li><li>- FERNANDEZ GARITAONAINDIA, A (2000). Organización y gestión de empresas. UDC</li><li>- MORENO RAMÍREZ, A e HIDALGO MORILLO, V (2015). Calidad y seguridad en el laboratorio. Síntesis</li><li>- Normas ISO (). ISO 9001, ISO 14001, ISO 17025.</li><li>- Unión Europea (2017). Regulation EU 2018/2026 (EMAS); 2004/9 &amp; 2004/10 (GLP).</li></ul> <p>&lt;br /&gt;</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

## Observacións

A asistencia á clase e a realización das actividades (nomeadamente, seminarios e traballos escritos) son condicións sine qua non para superar a materia. Perspectiva de Xénero: Buscarase desenvolver unha perspectiva cidadán crítica, aberta e respectuosa coa diversidade da Sociedade. Todo o alumnado terá os mesmos dereitos e trato. En colaboración con Programa Green Campus, para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co punto 6 da "Declaración Ambiental da Facultade de Ciencias", os traballos documentais que se realicen nesta materia (cando se entreguen impresos) non levarán cubertas plásticas e realizaranse impresións a dobre cara e sen abundancia de cor. Empregarase papel reciclado, cando sexa posible. Os traballos serán entregados en tempo e forma. De se detectaren irregularidades nos mesmos (plaxio, uso de sistemas virtuais, etc.), suporán o suspenso na materia. Todos os aspectos relacionados con&nbsp;?dispensa académica?,&nbsp;?adicación ao estudo?,&nbsp;?permanencia?&nbsp;e&nbsp;?fraude académica?&nbsp;rexeranse de acordo coa&nbsp;normativa académica vixente da UDC.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías